

XUVENTUDE GREA

David Catá,
David Fidalgo Omil
Mar Ramón Soriano
Thalita Dumont
Miguel Pérez Ramudo
Jonatan Blanco Pensado
Honey
Adriana Brantuas Arijón
Ruth Miguel Díaz
Ángel López Pérez
Eva Soto Conde
Noelia Tojeiro Ramil
Sofía Rivas Souto
Eva Antelo
Eva Baqueiro Gil
Iria Fafián Alonso
Joan Morera Arbones
Lara Bande Huri
Novenoel
Rebeca Lar
Margot Rodríguez Salvador
Paloma Tarrío Alves
Fercho R. M.
Sheila Pazos
Alejandro Rego Díaz
Lara Pintos
Uxía Larrosa
Lis María García Calvo
Adrián Penido

Proxecto expositivo:

Xuventude Crea. Máis dunha década.

Temporalidade:

Do 10 de maio de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2023.

Organiza:

Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude.

Curadora e coordinación técnica: Alexandra R. Rey.

Asistencia técnica: Luisa Fernanda Torres.

Deseño gráfico:

. Identidade principal: Pablo Gulín.

. Expositivo: Caridad Rodríguez Pazo.

Montaxe e transporte: José Torres, S.L.

Artistas:

David Catá, David Fidalgo Omil, Mar Ramón Soriano, Thalita Dumont, Miguel Pérez Ramudo, Jonatan Blanco Pensado, Honey, Adriana Brantuas Arijón, Ruth Miguel Díaz, Ángel López Pérez, Eva Soto Conde, Noelia Tojeiro Ramil, Sofía Rivas Souto, Eva Antelo, Eva Baqueiro Gil, Iria Fafián Alonso, Joan Morera Arbones, Lara Bande Huri, NOVENOEL, Rebeca Lar, Margot Rodríguez Salvador, Paloma Tarrío Alvé, Fercho R. M., Sheila Pazos, Alejandro Rego Díaz, Lara Pintos, Uxía Larrosa, Lis María García Calvo, Adrián Penido.

En colaboración con:

Afundación. Obra Social ABANCA Ferrol, Museo do Mar de Galicia, Cidade da Cultura de Galicia, Espazo Xove de Lalín, Tui e Noia, Concello de Ribeira, Biblioteca Pública Nós (Ourense), Biblioteca Pública (Lugo), Afundación, Obra Social ABANCA Café Moderno Pontevedra e Fundación Paideia Galiza, Centro MANS (A Coruña).

Catálogo:

Edita:

Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude. Santiago de Compostela 2023.

Título:

Xuventude Crea. Máis dunha década.

Deseño gráfico:

© DousErres.

Fotografía:

© Os Artistas

© Alexandra R. Rey

Imprime:

Gráfica Integrales Cogami, S.L. (Grafinco).

1ª Edición: 2023.

DL: C 52-2023

XUVENTUDE CREA

MÁIS DUNHA DÉCADA

XUVENTUDE CREA

UNHA MIRADA AO PASADO,
UNHA MIRADA AO FUTURO.

Proxecto expositivo retrospectivo con motivo da celebración de máis dunha década do programa Xuventude Crea.

Consellería de Política Social e Xuventude,
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado.

Xunta de Galicia.





Deseño cartel e imaxe principal do proxecto: Pablo Gullín.

Consellería de Política Social. Dirección xeral de Xuventude Participación e Voluntariado

A Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, consciente da importancia que ten facilitar vías polas que poida manifestarse a actividade e inqueda artística individual e colectiva da xuventude galega, convoca anualmente o programa Xuventude Crea, un certame de creadores novos que pretende estimular e apoiar a imaxinación, a creatividade e a innovación en ata 14 disciplinas diferentes. Este certame comezou a súa andaina no 2010 coa denominación Xuventude Crea, polo que no ano 2023 cumprirá 13 anos.

Xuventude Crea, dirixido a mozos e mozas galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos, pretende actuar como estímulo económico para a mocidade, pero ante todo quere ser un trampolín, un escaparate para mostrar todo o talento creativo da mocidade galega. Por todo o anterior, neste programa participaron máis de 4.300 participantes, 3.254 obras, 540 premiados, 72 mencións de honra e un orzamento de 804.000€.

Pero, ademais, Xuventude Crea é moito máis que un concurso de creadores. Este programa

é entendido pola Xunta de Galicia como:

- a plataforma para mostrarlle á sociedade o talento da mocidade galega;
- o escaparate no que o público poida coñecer estes novos talentos e ás súas obras nun amplo abano de especialidades;
- a canle de divulgación das inquietudes artísticas individuais e colectivas da xuventude galega;
- unha actividade de fomento de actividades de ocio e tempo libre saudables entre a mocidade.

Neste obxectivo incardínase, ademais doutras iniciativas como o recente Museo dixital Xunta de Galicia Xuventude Crea, o proxecto expositivo "Xuventude Crea, máis dunha década", que reflexiona sobre os procesos de evolución, metamorfose e cambio que os/as artistas experimentan nas diferentes etapas da súa proxección e que xurdiu en maio de 2021 para conmemorar, cunha exposición retrospectiva e itinerante, os máis de 10 anos que acadou o programa Xuventude Crea.

Baixo o lema "Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro", presentamos unha recompilación da aposta cultural moza como motor da nosa sociedade, unha posta en valor de creadoras e creadores autóctonos que, nos

“Xuventude Crea”

máis de 10 anos de vida do programa medraron e evolucionaron baixo a atenta mirada das institucións que apostaron polo seu valor creativo e a súa proxección. Así, agrupa un total de 29 obras de 6 disciplinas artísticas: artes plásticas (pintura e escultura), banda deseñada, deseño de xoias, fotografía, graffiti e moda.

A exposición itinerante, comisariada pola xestora cultural e artista Alexandra Rodríguez Rey, inaugurouse no mes de maio de 2021 no Mercado de Ribeira e percorreu, nos seguintes meses, as sedes e localidades que se indican a seguir: Concello de Ribeira, Espazo Xove de Lalín, Museo do Mar de Galicia (Vigo), Espazo Xove de Tui, Café Moderno Afundación Pontevedra, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Pública de Ourense Nós, Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela), Sede Afundación Ferrol, Espazo Xove de Noia, para rematar o seu camiñar en xaneiro de 2023 na Fundación Paideia no Centro MANS da Coruña.

Crear non só consiste en idear, tamén en expresar e compartir os sentimentos e valores máis profundos. Crear é soñar, materializar os soños e amosalos ao mundo.

Xuventude Crea naceu hai máis de 10 anos co convencemento de que a mocidade de Galicia merecía que se coñecese e valorase o seu talento. Xurdiu tamén coa certeza de que toda a cidadanía debería contar coa oportunidade de desfrutar das súas creacións.

O programa colleu impulso e medrou ao longo dos anos sen perder un ápice da súa esencia. Hoxe, Xuventude Crea é máis grande e continúa brillando como o primeiro día, amosándolle ao mundo o talento da nosa mocidade.

Esta exposición acolle só algunhas das obras que a xuventude galega lle regalou a este programa durante esta década. O labor de escolma foi arduo, pois dúcias de obras dun enorme valor non puideron caber na selección. A vontade foi condensar unha mostra, pequena en tamaño pero grande en calidade, que evidencia o potencial artístico da nosa terra.

Confío en que a desfrutes.

Cristina Pichel Toimil

Directora Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado da
Consellería de Política Social e Xuventude

“Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro”

O proxecto expositivo *Xuventude Crea, máis dunha década. Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro*, reflexiona sobre os procesos de evolución, metamorfose e cambio que os/as artistas experimentan nas diferentes etapas da súa proxección. Co 10º aniversario dos premios Xuventude Crea, esta pausa reflexiva non pode ser máis pertinente. Coa chegada do ano Xacobeo2021, a presenza do camiño e da transformación persoal e colectiva que este implica, comezamos a reflexionar sobre os puntos de partida, sobre os inicios, o transitar, os tempos mortos, as pausas, as caídas, as reformulacións, as interaccións, os obxectivos e os finais; finais que non supoñen algo pechado no noso relato, senón que representan un novo inicio.

Xuventude Crea, máis dunha década, preséntanos unha escolma da aposta cultural moza como motor da nosa sociedade. Xuventude creadora autóctona que, nos máis de 10 anos de vida deste certame, medrou e evolucionou baixo a atenta mirada das institucións que apostaron polo seu valor creativo e a súa proxección.

A creación desde disciplinas tales como deseño de moda, graffiti, banda deseñada, pintura, escultura, fotografía e deseño de xoias; configuran neste proxecto, unha

mostra multidisciplinar e multixeracional de artistas que formaron parte do programa *Xuventude Crea*. A narrativa expositiva fala dunha liña temporal de pezas onde o tempo parece deterse, trasladando ao presente os discursos que as definen. Deste xeito, atopamos obras que reflexionan sobre os territorios físicos e emocionais, interiores e exteriores, prestándolle especial atención ao transitar que neles experimentamos e como estes son responsables e precursores dos nosos cambios. Sobre as arquitecturas, espazos e obxectos cotiáns como proxección das nosas construcións íntimas. Dos inicios, reflexo dos nosos medos e, á súa vez, espazos de completa posibilidade e esperanza. Obras que dialogan desde o arraigo ás nosas raíces, á memoria e á importancia da arte como espazo de encontro para poñer en valor.

Xuventude Crea, máis dunha década, fala do valor das pequenas cousas, dos pasos que abren camiños, rutas, mapas e redes inmensas. Redes repletas de emocións, de momentos, de erros e acertos, de valores, de identidades... pero, sobre todo, de persoas e de arte, moita arte. Da cultura como o motor que debemos protexer e alentar. Da nosa mocidade como reflexo da nosa sociedade que, co paso do tempo, lémbra-nos a importancia

das oportunidades; do recoñecemento á creación e á calidade que nace na nosa terra.

O certame reflexiona tras máis de dez anos de percorrido sobre cada un dos pasos dados e o impacto que estes tiveron no tecido cultural galego. Posicionándose como ese tan necesario faro de luz, agora que as tebras parecen escurecer o camiño e obstaculizar o avance. A Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social e Xuventude, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, as institucións colaboradoras, o equipo de persoas que coordinan o programa, o proxecto e cada unha das/os artistas que pasaron polo certame; representan nesta mostra unha declaración de esperanza, forza e versatilidade da creación contemporánea galega, declarando alto e claro que a cultura segue.

Nestes tempos difíciles será a cultura, como motor social transformador de todas e todos, a posibilitadora de camiños infinitos de prosperidade e cambio.

Somos camiño.

Somos patrimonio.

Somos cultura.

Alexandra R. Rey
Comisaria e xestora cultural

ARTISTAS

David Catá,
David Fidalgo Omil
Mar Ramón Soriano
Thalita Dumont
Miguel Pérez Ramudo
Jonatan Blanco Pensado
Honey
Adriana Brantuas Arijón
Ruth Miguel Díaz
Ángel López Pérez
Eva Soto Conde
Noelia Tojeiro Ramil
Sofía Rivas Souto
Eva Antelo
Eva Baqueiro Gil
Iria Fafián Alonso
Joan Morera Arbones
Lara Bande Huri
Novenoel
Rebeca Lar
Margot Rodríguez Salvador
Paloma Tarrío Alves
Fercho R. M.
Sheila Pazos
Alejandro Rego Díaz
Lara Pintos
Uxía Larrosa
Lis María García Calvo
Adrián Penido


Déjame volar II, 02. Fotografía.

Artista contemporáneo que traballa entre Galicia e Madrid. Compaxinou os seus estudos de acordeón no conservatorio profesional de música co Grao en Belas Artes (2010) da Universidade de Vigo. Posteriormente, continuou os seus estudos artísticos en Madrid cursando o máster "Concepto e Creación" no Centro Internacional de Fotografía e Cinema, EFTI (2011), polo que obtivo o premio fin de estudos "Primeiro de promoción".

En palabras do artista: "*Déjame volar* é un proxecto que fala do efémero da vida a través dos obxectos e das persoas do meu contorno. Para iso, uso as sementes de dente de león que pego coidadosamente en persoas, escenarios, fotografías e obxectos persoais.

Vivimos nun presente que xa é pasado e nun pasado que é un recordo. Unha vida, efémera, temporal, á que volvemos para lembrar quen somos. Nese curso deixamos un rastro, físico e inmaterial, unha extensión de nós mesmos que se manifesta a través do sentimental. Somos efémeros como o vento e voamos coma el. Desaparecemos deixando un rastro, unha semente, un ápice de vida que nos mantén vivos na nosa memoria.

Nun suspiro frustrado intento deixarte voar, intento deixarte ir... pero volves a min en forma de dor pola imposibilidade dun pasado irrepertible."



Déjame volar II, 02
Segundo premio compartido 2016.
Categoría: Fotografía.



David Catá
Déjame volar II, 02, 2016.



Cuando le dices a alguien que eres artista. Artes Plásticas. Pintura.

Graduado en Belas Artes e Máster en Álbum Ilustrado e Animación pola Universidade de Vigo. É un dos máis persoais e orixinais creadores audiovisuais da actualidade.

Recolleu numerosos premios coas súas curtas "Cartas a Superman" (2016) e "Homomaquia" (2019), esta última nomeada nos Premios Goya de 2020, á que lle seguiu "Reality" (2020), unha sátira sobre a telerrealidade. David tamén desenvolve a súa actividade como realizador de videoclips animados para artistas como Bebo San Juan ou Delafé entre outros. En 2021 meteuse de cheo no mundo das

web series, obtendo un enorme éxito coa web serie de animación "Cacola", que forma parte da MiiC4 (IV Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea IMAXINARIA) xunto con algunhas pezas da súa produción pictórica.

No seu máis recente traballo, "Sandwich Cat" (2022), segundo palabras do artista: "Rompo coa estética dos meus anteriores traballos, explorando unha nova vertente que seguro continuarei."



Cuando le dices a alguien que eres artista

Cuando le dices a alguien que eres artista
Terceiro premio compartido 2018.
Categoría: Artes Plásticas. Pintura.



David Fidalgo Omil

Quando le dices a alguien que eres artista, 2018.



*Imaxe propiedade de David Fidalgo Omil.

Mar Ramón Soriano

36 registros de espacios inertes.
Artes Plásticas.
Escultura.

Mar Ramón ceramista, reside en Niñodagua, Ourense, vila de tradición oleira. Actualmente realiza o Doutoramento en Belas Artes na Universidade de Vigo.

Realizou exposicións individuais na Fundación Granell de Santiago de Compostela ou no Centro Marcos Valcárcel de Ourense; entre as últimas colectivas, "Afinidades Selectivas (Mar Ramón+Julia Huete). Carótidas e Coronarias", na Casa Galega da Cultura de Vigo, comisariada por Juan Carlos Román e "Cultivar incertezas: Reformular o espazo/Conmocionar a mirada" no CGAC, en Santiago de Compostela,

comisariada por Anxo Cerviño. Ademais, participou en diversos certames e recibiu premios como o Novos Valores 2020, o Premio Puenting de produción Mustang Art Gallery e Universidad de Altea 2020.

En 2021 realiza a súa primeira exposición individual en Nordés, a súa galería representante desde entón; con ela acode tamén ese mesmo ano a ARCO Madrid 2021, onde presenta un só show na Sección Proxectos de artista.



36 registros de espacios inertes
Terceiro premio compartido 2019.
Categoría: Artes Plásticas. Escultura.



Fisicamente o ser que recibe a sensación do refuxio estréitase contra si mesmo, retírase, aníñase, ocúltase, escóndese. Buscando nas riquezas do vocabulario todos os verbos que traducirían todas as dinámicas do retiro, encontraríanse imaxes do movemento animal, dos movementos de repregamento que están inscritos nos músculos (...) nunha dita física, ao ser gústalle retirarse no seu recuncho (Gaston Bachelard). Nas palabras da autora "Rexistrei e numerei as 36 esquinas da miña casa materna. Moitas estaban cheas de po, eran espazos só visitados por un robot aspirador."

Mar Ramón Soriano

36 registros de espacios inertes, 2019.



AMY. Moda.

Thalita Dumónt é deseñadora de moda. Alumna da escola Pin Factory de Vigo. Participou na pasarela Runway Galicia en 2016 e 2017.

En palabras da artista: “Presento unha colección conceptual inspirada na vida e obra de Frida Khalo, na súa historia de loita ancorada en recintos arquitectónicos, as súas cores e o surrealismo das súas pinturas que representan a súa evolución como persoa. O título *AMY* é un tributo á vida artística da miña nai, que faleceu durante o desenvolvemento deste proxecto e representou un papel fundamental no meu crecemento como artista e na evolución do traballo que hoxe se presenta.”



AMY
Primeiro premio 2017.
Categoría: Moda.

*Imaxes propiedade de Thalita Dumont.



Thalita Dumont
AMY, 2017.



*Joaquín Vaamonde,
unha promesa truncada
da Xeración Doente
(1871-1900).*
Banda Diseñada.

En palabras do artista: “Desde pequeno sempre atopei no mundo da banda deseñada e da ilustración un medio axeitado para dar forma ás miñas ideas, todo aquilo que non podo expresar con palabras canalízoo a través do meu lapis. Formeime no bacharelato artístico e na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Un ano máis tarde especialiceime nun mestrado en Ilustración Dixital, o que lle outorgou a miña obra unha maior riqueza. No ano 2020 publiquei con Lela Edicións unha

pequena biografía en formato banda deseñada para os rapaces e rapazas. Joaquín Vaamonde (A Coruña, 1871-1900). Foi un pintor coruñés recoñecido pola súa gran destreza no retrato ao pastel. A morte colleuno en pleno esplendor truncando toda posibilidade de completarse como artista. Esta novela gráfica fai un percorrido pola intensa e curta vida do coruñés facendo fincapé no precoz talento e o gran espírito aventureiro que posuía.”



Joaquín Vaamonde, unha promesa truncada da Xeración Doente (1871-1900)
Primeiro premio 2020.
Categoría: Banda Deseñada.



Miguel Pérez Ramudo
Joaquín Vaamonde, unha promesa truncada da Xeración Doente (1871-1900), 2020.



ESCRÍBEME SEMPRE QUE POSSAS
E NON ESQUEZAS DE TE ABRIGARES
CÓIDATE MEU REI.



E ALÁ FUN. DISPOSTO A COMER O MUNDO?
AXIÑA, PREPAREI A MALETA COA S COZIDE
NECESARIAS LIMPEI OS BOTTINS.



CUMPRIN CAS ENCARGAS QUE TINHA RECIBIDO.



PREPAREI O CANTAL DO
MEL. MELLARIN. TORRADO.

Jonatan Blanco Pensado

As curvas que a vida dá.
Artes Plásticas.
Escultura.

EASD Pablo Picasso, Estudios superiores de diseño de interiores. Grao na Academia di Belle Arti di Frosinone (Italia). Artista multidisciplinar apaixonado polas artes plásticas, a fotografía e o deseño. Na actualidade traballa como deseñador de interiores.

Escultura realizada en mármore no 2017 en Frosinone (Italia).





As curvas que a vida dá
Segundo premio compartido 2017.
Categoría: Artes Plásticas. Escultura.



Jonatan Blanco Pensado
As curvas que a vida dá, 2017.



*Imaxes propiedade de Jonatan Blanco.

Honey


Encaixado. Graffiti.

Licenciado en Belas Artes e amante do debuxo, combina a súa paixón polas artes plásticas co deporte. Cajaraville gañou como muralista o certame Xuventude Crea no 2021 coa obra "Bo Camiño", e no 2019 coa súa obra "Cor de Corral", despois de dous terceiros postos e outros galardóns.






Encaixado
Terceiro premio 2017.
Categoria: Graffiti.



Honey
Encaixado, 2017.



A memoria do baleiro Artes Plásticas. Escultura.

Grao en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. Ciclo Superior en Artes Plásticas e Deseño en Fotografía polo Instituto Europeo di Design. Madrid. Nos anos 2018 e 2019 exerce como técnica de laboratorio fotográfico en Jessops, Londres, e profesora de fotografía.

Nas palabras da autora: "Cun enfoque case científico. Busco a información para comprender a transformación que experimentan os materiais -ou as técnicas- e a súa resistencia ao longo do tempo.

Comezo cunha procura exhaustiva do uso estándar do devandito material para iniciar o proceso de experimentación ata atopar novas estratexias ou usos para tratar conceptos inmateriais que me interesan, como a duración, a resistencia, o efémero e a súa fragilidade."



A memoria do baleiro
Primeiro premio 2020.
Categoría: Artes Plásticas. Escultura.



Adriana Brantuas Arijón
A memoria do baleiro, 2020.





Habitar, erosión e ruína.
Artes Plásticas.
Pintura.

Artista Plástica. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca. Máster en Arte Contemporáneo e Investigación na Universidade de Vigo.



Habitat, erosión e ruína
Primeiro premio compartido 2015.
Categoría: Artes Plásticas. Pintura.



Ruth de Miguel Díaz
Habitat, erosión e ruína, 2015.



The Messengers. Moda.

Diseñador de moda e fotógrafo.
Mestrado en deseño e dirección
creativa de moda na Universidade
de Vigo. Grao en Comunicación
Audiovisual na Universidade de
Santiago de Compostela.





The Messengers
Terceiro premio 2019.
Categoría: Moda.



Ángel López Pérez
The Messengers, 2019.

*Imaxes propiedade de Ángel López Pérez.



A xoia do coleccionista. Deseño de xoias.

Deseñadora de moda. Licenciada en Belas Artes e en Estudos Superiores de Deseño e Moda de Galicia (ESDEMGA). En 2009 realiza prácticas no equipo de deseño da empresa Jesús Peiro, en Barcelona.



A xoia do coleccionista
Primeiro premio 2010.
Categoría: Deseño de xoias.



Eva Soto Conde
A xoia do coleccionista, 2010.



Noelia Tojeiro Ramil

WA. Moda.

Noelia Tojeiro Ramil é deseñadora de moda versátil e inconformista, preocupada pola sustentabilidade en todas as súas vertentes e amante da artesanía, a arte e a natureza. Foi galardoada co primeiro premio no Xuventude crea no ano 2019 coa súa colección "Tomba" e no 2018, segundo premio coa presente colección "WA".

En palabras da creadora: "Cada un dos meus proxectos mostra diferentes fontes de inspiración procedentes de ideas diversas, valores, emocións, conceptos, sensacións... que trato de transmitir

coidando sempre cada detalle e asegurándome de que todo o conxunto exprese á perfección a súa esencia e propia personalidade, todo iso sempre mostrando unha pequena parte de min e da miña idiosincrasia.

Composta de formas irregulares, imperfectas e orgánicas, esta colección nace dos principios xaponeses do Wabi-sabi e o Kintsugi, articulando natureza e artesanía, nunha sensación de espiritualidade e delicadeza mediante texturas e figuras abstractas de inspiración mariña. Harmonía. WA."



WA
Segundo premio 2018.
Categoría: Moda.



*Imaxes propiedade de Noelia Tojeiro Ramil.
Fotografía: Miguel Morón.

Noelia Tojeiro Ramil
Wa, 2018.



Alameda, Felipe Ramil
"Ala"
3º premio Concurso de Moda 2019
FOTOGRAFÍA: OREA. MAIS UNHA SIDA
XUNTA DE GALICIA



Xénese. Deseño de xoias.

Deseñadora. Ciclo superior de xoiería artística da Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo e grao de Deseño de Moda.


Xénese é unha colección inspirada na orixe das formas usando dúas das formas básicas como son o círculo e o cadrado. Está adornada con acibeche en bruto, tamén usado coma na súa orixe, saído da mina.



Xénese
Primeiro premio 2020.
Categoría: Deseño de xoias.



Sofía Rivas Souto
Xénese, 2020.



Contratempo.
Canción triste do nunca
habitado n° 2.
Fotografía.


"E soa//ela soa [a casa nunca
habitada]//cae desaparece amolece
en//longos lustros//escacha e//
en cada fragmento habita//unha
posibilidade nostálxica//de oxalá ter
sido."



Contratempo. Canción triste do nunca habitado n° 2
Segundo premio compartido 2020.
Categoría: Fotografía.



Eva Antelo
Contratempo.
Canción triste do nunca habitado n° 2, 2020.



Imaxes do interior dunha casa nunca habitada, que despois de varias décadas esperando acoller vida, amosa sinais dunha derrota irremediable ante o peso do tempo. Unha das moitas formas nas que a emigración deixou pegada nesta terra.

Siriamente. Deseño de xoias.

Escola do Atlántico. Xoiería Artística. Segundo a súa propia autora: "Dende que teño uso de razón gústame realizar traballos manuais e artesáns. A miña principal fonte de inspiración é a natureza. O mar, as plantas... a vida en si mesma e a xoiería é un mecanismo de expresión moi amplo que me permite plasmar e transmitir ideas e sentimentos."



Siriamente
Segundo premio 2016.
Categoría: Diseño de xoias.



Eva Baqueiro Gil
Siriamente, 2016.






100 % Rural. Graffiti.

Estudou Belas Artes en Pontevedra, Angoulême (Francia) e Altea. cursou un posgraoo de ilustración na escola BAU de Barcelona e o Mestrado de Obra Gráfica na Fundación CIEC (Betanzos).



100 % Rural
Segundo premio compartido 2013.
Categoría: Graffiti.



Iria Fafián Alonso
100 % Rural, 2013.



A artista Iria Fafián realizou a reinterpretación *in situ* da súa peza "100 % Rural", con motivo da inauguración da mostra no Concello de Ribeira.

Joan Morera Arbones

Visión de paisaxe III. Artes Plásticas. Pintura.

Joan Morera Arbones, Vigo, 1984.
Artista visual e investigador.
Doutor en Belas Artes pola
Universidade de Vigo coa tese
"Construción simbólica da paisaxe
galega: transmisión xeracional
da paisaxe". Realizou unha
estadía de investigación en Bos
Aires (Arxentina), no Museo da
Emigración Galega na Arxentina
(MEGA).



Visión de paisaxe III
Terceiro premio compartido 2012.
Categoría: Artes Plásticas. Pintura.

Martes, 6 de decembro de 1995

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Loi 70/1995, do 23 novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

I. De acordo co disposto nos artigos 148.1.3 da Constitución española e 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspondellé en exclusiva á Comunidade Autónoma galega a competencia en materia de ordenación do territorio do litoral, urbanismo e vivendas.

II. A Carta europea de 1983 concéntrase a ordenación do territorio como «a expresión espacial da política económica, social, cultural e xeolóxica de toda sociedade» e establece os seguintes obxectivos fundamentais da política territorial:

- a) O desenvolvemento socioeconómico equilibrado das rexións, cunha clara tendencia á eliminación das grandes diferenzas no nivel de vida.
- b) A mellora da calidade de vida, que entre outras cousas, se concreta nunha maior accesibilidade da poboación ás equipamentos colectivos de todo tipo na mellora das infraestruturas.
- c) A xestión responsable dos recursos naturais e a mellora do medio natural que é compatible coa mellora das condicións de vida e coa satisfacción das necesidades crecentes de recursos naturais como o respecto do medio ambiente e a conservación do patrimonio natural.

17. A creación de espazos recreativos e culturais que se poidan utilizar como centros de reunión social e cultural, así como como espazos de integración de persoas discapacitadas, e a creación de espazos de reunión social e cultural que se poidan utilizar como centros de reunión social e cultural, así como como espazos de integración de persoas discapacitadas, e a creación de espazos de reunión social e cultural...

A ordenación do territorio deberá ser un proceso dinámico e participativo que permita a integración dos intereses particulares e colectivos, e a realización do desenvolvemento socioeconómico equilibrado das rexións, cunha clara tendencia á eliminación das grandes diferenzas no nivel de vida.

18. A ordenación do territorio deberá ser un proceso dinámico e participativo que permita a integración dos intereses particulares e colectivos, e a realización do desenvolvemento socioeconómico equilibrado das rexións, cunha clara tendencia á eliminación das grandes diferenzas no nivel de vida.


Joan Morera Arbones
Visión de paisaxe III, 2012.




Lara Bande Hurri

Cestería. Deseño de xoias.


Deseñadora na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago.
Deseño de Interiores na Escola de Artes Pablo Picasso na Coruña.



Cestería
Segundo premio 2018.
Categoría: Diseño de xoias.



Lara Bande Huri
Cestería, 2018.




DES minutos - Urco can. Banda Deseñada.

É comunicador audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela e técnico en ilustración pola EASD Pablo Picasso da Coruña. Traballa no eido da imaxe gráfica e a pintura mural para empresas particulares e institucións desde o ano 2008. Neste tempo, tamén desenvolve unha liña de traballo persoal e participa en numerosos festivais en España, Alemaña, Portugal e México.



En palabras do creador: "*DES minutos - Urco can* é a narración gráfica que afonda na procura do camiño ao máis alá. Unha historia circular onde o personaxe canino actúa de guía mitolóxico e acompañante a través dos nove niveis do inframundo nos últimos dez minutos neste plano físico de dez páxinas."

DES MINUTOS



URCO CAN


DES minutos - Urco can
Primeiro premio 2019.
Categoría: Banda Deseñada.




*Na eternidade, as nosas
amigas ardentes.*
Artes Plásticas.
Pintura.

Artista plástica e investigadora. Graduada en Belas Artes con Premio Fin de Carreira. Os seus últimos traballos gardan relación coa "bruxa", concepto que aborda na súa tese doutoral. Premiada coas axudas Injuve á Creación Nova 2020/2021 para a realización do proxecto "O paseo" (Instituto da Mocidade, Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030), no 2020.

Na eternidade as nosas amigas ardentes é segundo a artista: "Unha pintura baseada nunha composición poética de creación propia dedicada á miña nai. No texto, establezo un paralelismo entre a figura materna e a bruxa, entendida esta última como entidade positiva: ...é nese intre / vixiada pola mirada verde e felina / da miña besta familiar / cando eu penso nos ingredientes máxicos da súa ollada."



Na eternidade, as nosas amigas ardentes
Segundo premio compartido 2018.
Categoría: Artes Plásticas. Pintura.



Rebeca Lar

Na eternidade, as nosas amigas ardentes, 2018.

Margot Rodríguez Salvador



Leonesa con bengala. Graffiti.


Licenciada en Belas Artes. En palabras da artista: "Non considero cumprir ningunha constancia que estableza unha única traxectoria artística. Xogo co coñecemento de varias ramas artísticas aplicando a dose adecuada e espremendo o seu potencial ata chegar a unha obra `perfecta e total´."



Leonesa con bengala
Segundo premio 2019.
Categoría: Graffiti.



Margot Rodríguez Salvador
Leonesa con bengala, 2019.



Leonessa con bengala

ALFA ROMEO
XLR
DE L

Paloma Tarrío Alves

O pescador de tempos. Banda Deseñada.

Estudiante de Belas Artes pola Universitat de Barcelona, Premio edición infantil 2005. Realizou o XIII Curso de grabado Alfonso Costa 2013, Noia. Foi finalista no Premio Atlante de Grabado, 2014. Integrante do colectivo *Fume de Carozo* desde 2010, autores de *Sacoponcho I* e *Sacoponcho II*. Integrante do colectivo artístico universitario especializado en grabado *El Pati* desde 2013.

Foi segundo premio en Banda Deseñada no Xuventude Crea 2014 coa obra "O pescador de tempos" e formou parte de exposicións colectivas como "Gabinets de curiositats: finestra al món" Sala de exposicións da Universidad de Barcelona e "Mirar grabar paisatges" 2014 (Seu d'Urgell).



O pescador de tempos
 Segundo premio 2014.
 Categoría: Banda Deseñada.



Paloma Tarrío Alves
O pescador de tempos, 2014.

Camiñando entre nós. Graffiti.


Debuxante e tatuadora. Tatuadora no estudo Zink Tattos na Coruña. En palabras da artista: "Tanto no debuxo como na tatuaxe e no graffiti, as miñas obras son doces e xogan coa fantasía, con formas xeralmente suaves e mesturando tons pastel con cores vivas."



Camiñando entre nós
Terceiro premio 2019.
Categoría: Graffiti.



Fercho R. M.
Camiñando entre nós, 2019.



Sweet Home. Moda.

Deseñadora de moda. Licenciada en Belas Artes con mestrados en Maya (3D) en Madrid; e Arte Contemporánea, Creación e Investigación na Universidade de Vigo. Realizou estudos superiores de Deseño Textil e Moda de Galicia. (ESDEMGA).

Sweet home é unha reflexión sobre a incorporación de elementos propios da decoración de interiores ao corpo humano. A rixidez é unha das características principais da colección, ofrecéndonos texturas do fogar mesturadas con cores neon que as descontextualizan para ofrecernos un material aparentemente novo.

Arabescos propios do papel de parede en cores neon lémbrennos graffitis urbanos. Así, o *vichy* e as flores mestúranse confluindo a xeometría co orgánico. Sutís transparencias permítenos descubrir o cálido da pel e o corpo baixo eses armazóns xeométricos que apenas nos deixan adiviñar as súas formas, creando corpos amorfos e planos. A patronaxe sinxela subordínase ás texturas traballadas, tanto no seu estampado como na súa rixidez. Lámpadas futuristas sobre as súas cabezas apenas nos permiten ver os seus rostros, dándolles un aspecto robótico.



Sweet Home
Terceiro premio 2013.
Categoría: Diseño de Moda.



Sheila Pazos
Sweet Home, 2013.



Alejandro Rego Díaz

Still life. Fotografía.

Artista visual. Fotógrafo.
Licenciado en Filosofía,
Universidade de París-Sorbona,
París, Francia e Mestrado
PHotoEspaña: Teorías e proxectos
artísticos, Escola PIC.A, Madrid,
España. Vive e traballa entre
París e A Coruña.




Still life
Segundo premio compartido 2018.
Categoría: Fotografía.



Alejandro Rego Díaz
Still life, 2019.

En palabras do artista: "*Still Life* é unha serie de fotografías en cor realizadas entre os anos 2017 e 2018. Nela, reflíctese o meu interese polo xénero pictórico do bodegón, reinterpretado aquí a través de seis imaxes nas que o azar da composición e o pequeno formato das obras é herdeiro da estética da instantánea das clásicas cámaras Polaroid."



Deshabitar.
Habitación de invitados
Artes Plásticas.
Pintura.

Licenciada en Belas Artes en 2010, posteriormente é residente da Fundación Antonio Gala para creadores novos e desfruta doutras bolsas, premios e seleccións. Actualmente desenvolve proxectos artísticos para diferentes galerías nacionais e imparte obradoiros de debuxo e pintura.



Deshabitar. Habitación de invitados
Primeiro premio 2014.
Categoría: Artes Plásticas. Pintura.



Lara Pintos

Deshabitar. Habitación de invitados, 2019.



Obra pertencente á serie
Deshabitar, retrata as idades do
fogar e do espazo habitado, a súa
identidade e vínculo coa memoria
individual, inspirada na Poética
do Espazo do filósofo Gaston
Bachelard.


Uxía Larrosa

O outro lado da auga. Banda Diseñada.


Artista, ilustradora. Vive en Barcelona desde que en 2011 foi estudar Belas Artes. Ten un Mestrado en Estudos de Cine e actualmente traballa como asistente no Museo de Arte Contemporánea de Barcelona.



O outro lado da auga
Terceiro premio 2017.
Categoría: Banda Deseñada.



Uxía Larrosa
O outro lado da auga, 2017.




Lis María García Calvo

Aurora. Fotografía.


Fotógrafa, diseñadora gráfica.
Diseñadora de produto, vive e
traballa dende a área de Vigo.
Actualmente traballa en Quobis
como diseñadora.



Aurora
Terceiro premio compartido 2012.
Categoría: Fotografía.



Lis María García Calvo
Aurora, 2012.



Biblioteca de artista. Artes Plásticas. Escultura.

Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural e Graduado en Belas Artes pola Uvigo.

En palabras do artista: "A arte é un intento de buscar respostas, unha mestura de acertos e erros, de certezas a dúbidas [...] non hai límite nin fin, pois o impulso de atopar respostas segue presente.

Biblioteca de artista é unha serie de libros de artista recompilados nun moble que é, a un tempo, contido e contedor. Está feito perfectamente defectuoso para ser calzado cun libro de bricolaxe escollido para esta función.

Escollín este título porque creo imprescindible a participación do público para completar a biblioteca. Como creador, mergulleime nesta serie de libros imaxinando un espectador activo, que se aventure a explorar e fochicar entre caixóns, estantes e libros."



Biblioteca de artista
Terceiro premio compartido 2017.
Categoría: Artes Plásticas. Escultura.



Adrián Penido
Biblioteca de artista, 2017.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE